

Os fillos que eles nunca quixerían ter

CSO Casa das Atochas

Emblema da impugnación e a disidencia, metáfora valiosa da crise e do estado de cousas que amosa a incompetencia do mundo do capital, o Centro Social Okupado Casa das Atochas —situado na Rúa Atocha Alta (agora Praza das Mulheres Livres), número 14, A Coruña— nace o 14 de marzo de 2008. Construído sobre as cinzas dun obxecto da especulación, un inmoble abandonado pertencente a un promotor da zona, aparece concibido como un espazo socio-político e cultural desde o que bosquejar proxectos, fomentar o intercambio de pensamento e experiencias, artellar mecanismos de interacción, e mesmo facilitar novas formas de vida, outras relacións sociais, un lecer consciente e autodirixido. Fronte a hexemonía brutal e a falta de respecto á diferenza, en aberta ruptura coa dinámica tradicional traballo/consumo que ofrece de maneira elocuente o sistema, constrúese un espazo común, un lugar aberto que se enche de iniciativas, proxectos, intervencións rebeldes e insobornables, que permiten construír unha alternativa, un discurso coherente, unha vía en prol

da autonomía nun momento de desencanto político propiciado desde os sectores do poder.

Cozinha Quente, Comida nom Bombas, o Xantador impopular (con verduras recicladas, vegano e gratuito), a emisora Radio Krime, a Asamblea Anarkista, o Colectivo da horta, a Tenda libre, a sucesión de palestras, o programa de proxeccións, os obradoiros regulares ou non (teatro, pandeireta, malabares...), as diferentes actuacións (danza, teatro, recitais poéticos, performance), exposicións e concertos —versátiles bandas musicais en conexión co proxecto, plural e carente de todo lucro—, así como os diferentes grupos de traballo, lograron crear un espazo libre e cheo de vida. Belixerante coas formas de exclusión, A Casa das Atochas, con outros colectivos e espazos de loita presentes no barrio e na cidade, foi quen incluso de amosar a perversidade das autoridades cara á destrución do barrio, unha decisión, exemplificada na defensa da rúa Atocha Alta, que fai fincapé nas dimensións patrimonial, histórica, identitaria e ata na singularidade da tipoloxía urbanística e dos modelos de vivenda tradicionais da zona.

Historia do capital

Os problemas e violencias asociados á vivenda, ao espazo e a propiedade, permítennos observar a súa enorme fragilidade, unha febleza que favorece o uso mercantil. Desde hai tempo asistimos a un relato repetido suxeito a variacións mínimas. Unha narración crúa e real na que bens e dereitos básicos vense transformados por causa da especulación e a explotación inmobiliaria. Así, a propiedade dos espazos erixese en clave absoluta da historia socioeconómica española recente.

As nosas cidades e vilas parecen funcionar a modo de hipoteca existencial, marcada pola presenza de multitude de espazos abandonados, vivendas non ocupadas (pode que ata un total de máis

de 25.000 só na Coruña), cidadáns sobrevivindo nas rúas, lugares degradados incapaces de xerar vida e actividade. (Non tan) sorprendentemente o artigo 47 da Constitución afirma que «todos os españois teñen dereito a disfrutar dunha vivenda digna e adecuada. Os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo ese dereito, regulando a utilización do chan de acordo co interese xeral para impedir a especulación. A comunidade participará nas plusvalías que xenere a acción urbanística dos entes públicos». O artigo 128, referido á función pública da riqueza, engade un novo matiz: «toda a riqueza do país nas súas distintas formas e sexa cal fora a súa titularidade está subordinada ao interese xeral».

Desde a etapa *desarrollista* (en plena ditadura franquista, anos 60 do século pasado), coa aparente modernización do país, percibimos a vixencia dos mesmos plantexamentos: a imposibilidade do chamado progreso a través da súas políticas urbanísticas para conciliar logro estético e habitabilidade, igualdade social e creación de riqueza. O suposto benestar acomódase a medidas excluintes, intereses oligárquicos maquinados a salto de mata, ao servizo da endogamia e os grupos de poder, consentido pola arbitrariedade daqueles que din representar os intereses e dereitos da cidadanía. Orixe do desasosiego, da destrución, da exclusión do autenticamente político, hoxe ese sustrato socioeconómico e ese sistema representativo parlamentario, contraponse aos soños e desexos colectivos rebeldes. Tal e como dicía Guy Debord, cando a necesidade é soñada socialmente, o soño faise necesario. Por iso, para nós a pugna polas ideas, pola autoextinción, polos dereitos de todos, non morre xamais.

Este espazo do común, o CSO Casa das Atochas, capaz de unir consumo consciente, reciclaxe, igualdade e respecto polos demais, onde activismo e contracultura amosan a súa feliz fusión, corre perigo

desde o seu mesmo nacemento mais segue coa intención de reflectir alternativas, idearios e formas de interacción. Inmersos nunha sociedade de consenso que demasiadas veces prefire o acordo irreflexivo e desinformado ao desacordo sensato e radical, nós, fronte á pasividade, preferimos a mobilización; fronte á aceptación dos dogmas impostos, decidimos exercer a nosa liberdade. Por iso, fronte á especulación e o despotismo da propiedade, a nosa acción non deixa dúbidas.

Tentativas de modelar un proxecto

A Casa das Atochas conxuga política con autoxestión, destruindo todo atisbo de organización piramidal cunha asemblea aberta como órgano de xestión, instrumento de coordinación do traballo presente e futuro. Os colectivos que traballan na Casa fan o mesmo nas asembleas, e calquera problema pode ser debatido nas xuntanzas dos luns. As decisións non se toman por votación, senón debatindo e procurando solucións que se acheguen ao consenso. A carencia de lucro para toda actividade, a consolidación dunha opción política e cultural fóra de circuitos habituais e a participación de todos estimulan o camiño tomado.

Activistas e pensadores políticos, profesores, lingüistas ou educadores radicais, filósofos e historiadores, artistas e intelectuais, a Casa das Atochas ofreceu durante estes dous anos de vida estimulantes palestras ou charlas que permitiron continuar un labor polo que se introduce a Historia non oficial, as loitas clandestinas, os proxectos sociopolíticos non reflectidos desde os xornais e as instancias convencionais. Toda selección é referencial, mais nomes como os de Lucio Urtubia, Enric Durán, Pedro García Olivo, Marcelo Expósito, Xabier DoCampo, Claudio Rodríguez Fer, Carmen Blanco, Ramiro Vidal Alvarinho, Xosé María Dobarro, Celso Álvarez Cáccamo, Antón Arias

Curto, ou organizacións autónomas como os GARI e os MIL, axudaron a transmitir saberes e anacos de vida máis que memorables.

Baixo formatos diferentes, xornadas ou seminarios, mesas redondas ou coloquios, os modos de interacción e aprendizaxe foron golosos: Xornadas de Acción Directa Feminista, de Nutrición, Anarquistas (con varias e robustas entregas), Cultura Libre, Arquitectura, contra o esquecemento da Lingua e pola súa riqueza, sobre algas, conservas ou xabóns, son moitas as pisadas da acción política e cultural emprendida.

A destrución da memoria

A irregularidade manifesta amosada polo Concello ao tirar —contra a súa propia legalidade— un rueiro completo situado na Atocha Alta e composto por nove casas (un conxunto urbanístico que se axusta á noción de patrimonio) o 18 de febreiro de 2010, o mesmo día no que remataba o prazo de alegacións contra o PXOM (Plan Xeral de Ordenamento Municipal) prolongou a loita comezada tempo atrás nun enclave, para máis inri, con 700 anos de antigüidade. Os argumentos políticos e urbanísticos originados desde a entrada mesma adquirirían de novo todo relevo.

Despois dun duro proceso de expropiación para as antigas propietarias e propietarios das casas, o Concello arrebatoulles a un risible prezo a propiedade sobre os inmobles. A xente que viviu nas Atochas viuse desprazada a outros lares, lonxe do centro especulativo da cidade, perdendo así as súas casas e vivindo a día de hoxe moitas delas e eles baixo rexime de alugueiro en diversos barrios. Non sairon nos xornais, eran veciñas e veciños dun barrio obreiro, que medrou, no abrente da revolución industrial do século XIX, e conformou o agora coñecido e codiciado barrio de Monte Alto, de moito máis avoengo histórico que calquera rúa dos Novos Rosais ou Matogrande.

A obra reuniría todos os ingredientes de demolición encuberta, infrinxindo ademais o acordo de suspensión sobre as licencias de demolición: eliminación de cubertas (tellados) coa excusa da presenza de amianto; valado deficiente; non se exhibe licenza ningunha; non hai indicios de licenza nin cartel de obra; ausencia de sinais de tráfico que acrediten a actividade acontecida pero, en simultáneo, transgresión de calquera normativa co corte da rúa cun valo. O lugar veríase protexido (?) pola policía, ao tempo que rótulos e cartaces da empresa construtora Ángel Jove anunciaban o desenlace.

A esta sucesión de irregularidades únese a afronta á Lei de Memoria Histórica (52/2007), xa que as vivendas se correspondían a un coñecido episodio da guerra civil, que supuxo o asasinato de varios anarquistas en 1937, e o atentado contra a Lei de Patrimonio Histórico Español (16/1985), o cal abre un singular debate: que sucede se unha empresa construtora coa adxudicación previa do Concello decide eliminar un conxunto susceptible de ser adscrito a esta Lei antes de que se lle outorgue esta cualificación? O conxunto de ruínas que rematamos por ver sería a resposta, aínda que as liñas de pensamento abertas entre a cidadanía —da perda da referencia histórica á defensa dun suposto progreso— permitiron debates xamais suxeridos desde os círculos oficiais.

Agora, os mesmos que están a desfacer a vida propia do noso barrio e a substituíla polos negocios inmobiliarios e a nova soidade, reunindo os intereses do Concello e das empresas destrutoras en plans de urbanismo e polígonos de actuación, os mesmos que atearon a cidade de edificios medio baleiros e as rúas de coches que non van a ningures, queren estrullar a feito o territorio, e propoñen camiños floridos de xardín en xardín. A Historia continúa.